

# SERVIZO DE ASESORAMENTO SEXOLÓXICO

DE FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA

FADEMGA



**acende**

# Información do Servizo de asesoramento sexolóxico “Acende”



## QUE É O SERVIZO ACENDE?

Acende é o servizo gratuíto de asesoramento sexolóxico de FADEMGGA Plena inclusión Galicia.

Está xestionado polo programa de Mulleres en Igualdade co apoio da sexóloga experta en educación sexual con persoas con discapacidade intelectual, Débora Baz.

O servizo non se trata dunha psicoterapia, senón que é un servizo de asesoramento, orientación e información en materia de sexualidade.



## QUEN PODE SOLICITAR O SERVIZO?

O servizo está pensado para axudar ás mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento. Poden solicitar o servizo:

- Mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- Familiares de mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- Profesionais e persoas de apoio de mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.
- Persoas coidadoras, titoras de mulleres con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.



## QUE TEMAS TRATAREMOS?

- Promoción da saúde sexual e reprodutiva en tódalas etapas vitais.
- Recoñecemento da identidade de xénero, expresión de xénero e orientación sexual.
- Dereitos sexuais.
- Elaboración e/ou difusión de material adaptado ás necesidades e demandas.
- Orientación nos cambios corporais asociados á sexualidade.
- Orientación no desenvolvemento de comportamentos saudables e seguros.
- Orientación na prevención do abuso e o consentimento sexual.
- Orientación no recoñecemento do bo trato.
- Orientación no respecto pola intimidade.
- Orientación no respecto polo propio corpo.
- Apoio no aprendizaxe de relacións igualitarias.
- Resolución de dúbidas sobre anticoncepción, embarazo...
- Resolución de dúbidas sobre disfuncións eróticas, expresión de desexos e necesidades.
- Resolución de dúbidas sobre hixiene íntima, infeccións, ETS...
- Resolución de dúbidas sobre dificultades na parella.

## COMO PODES SOLITAR O SERVIZO?

Isto é faciliño.

Tes varias maneiras de facer a túa solicitude:



Podes chamar ou enviar un WhatsApp ao teléfono 683 43 00 12.



Tamén podes mandar un correo a **[sexualidade@fademga.org](mailto:sexualidade@fademga.org)**



Despois tes que cubrir:

- [a ficha de solicitude do servizo](#)
- [a ficha de autorización de datos](#)

**Podemos axudarche a cubrir estas fichas se necesitas axuda!**

Unha vez fagas a solicitude, poñerémonos en contacto contigo para ter unha reunión.



**acende**

**Acende o dereito a sentir,  
gozar e decidir**



**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA SOCIAL  
E IGUALDADE

**FADEMGA**



**Plena  
inclusión**  
Galicia